

CIRCULAR INICIO TEMPADA 2026/27

O día 3 de setembro comezou a tempada 2026/2027 de Xogade e queremos dar a benvida a un novo curso.

Neste correo hai información relevante sobre varios temas polo que, coa fin de axilizar a lectura, organizamos a información en bloques.

Recordamos a **IMPORTANCIA** de ler e transmitir a todo o persoal da entidade, a todas as familias de deportistas e, chegada certa idade, a todos os deportistas esta información para o mellor funcionamento da tempada.

1) TODA A INFORMACIÓN SOBRE XOGADE ESTÁ NO ENDEREZO:

<https://xogade.xunta.gal>

Agradecemos que os datos dos deportistas sexan introducidos por todas as entidades con nome e apelidos tal e como constan nos documentos oficiais (libro de familia, DNI, pasaporte...). Sempre que sexa posible incorporen o NIF dos deportistas, se lle dá erro ao introducilo póñanse en contacto con nós (881 996363 ou deporte.escolar@xunta.gal). Precisamos evitar que un mesmo deportista teña máis dun rexistro en Xogade.

Se aparecen datos mal rexistrados ou mensaxes que mesturan idiomas, por favor, asegúrense de ter o tradutor do seu navegador desactivado.

2) O SEGURO

2.1.- O Protocolo e a Póliza son información de acceso público

É fundamental que todo o persoal da entidade, todas as familias dos deportistas e, chegada certa idade, todos os deportistas coñezan esta información. Achégase tamén neste correo, xunto cun documento de Preguntas Frecuentes.

2.2.- Impriman os carnés de Xogade e entréguenllos ás familias xa que teñen na traseira o resumo do protocolo do seguro.

2.3.- O Protocolo é de obrigado cumprimento e, en caso contrario a compañía aseguradora informará da denegación da atención.

Lembramos algúns aspectos aos que deben prestar atención para evitar incumprimento do protocolo:

- **a comunicación do accidente é previa á asistencia sanitaria**, por teléfono no **881 85 00 87** ou na web <https://partesxogade.es>
- **é potestade da aseguradora decidir onde vai ser atendido un deportista,**



- **o prazo para comunicar e certificar un accidente é de 7 días desde a lesión**, en ningún caso se certificará un accidente a posteriori desde os servizos centrais sen un motivo xustificado ou se o tempo transcorrido fose elevado.
- **os tres puntos anteriores só non aplicarán cando se trate dunha Urgencia Vital**
- **a ambulancia só está contemplada en casos de gravidade e deberán chamar antes á aseguradora.**

A aseguradora non ten obriga de asumir asistencias no SERGAS se non se trata de Urgencia Vital ou derivacións da propia aseguradora, o mesmo que pode denegar asistencia por incumprimento do protocolo deixando á familia sen cobertura e incluso obrigar a asumir os gastos ocasionados.

A parte de que o protocolo marque estas condicións como de obrigado cumprimento é importante pensar que na chamada de comunicación do accidente, en función do que se describa, nos derivarán a un centro ou a outro, podendo incluso empezar a atención xa directamente cun especialista.

Nesta tempada, como novidade, **as persoas lesionadas aparecen en vermello ata** que envíen a **alta médica** á aseguradora. Mentres non poden facer actividade deportiva.

Non se contempla a alta voluntaria. O que si existe é unha alta parcial ou para a incorporación progresiva á práctica e comprobar a recuperación.

Entendan que a aseguradora traballa en función do que os facultativos escriben nos informes. A información oral dada en consulta non é valorable pola aseguradora.

3) ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR

- Buscarase facilitar na medida do posible a participación de toda persoa, atendendo á diversidade funcional. Non dubiden en contactar coas ADE ou cos Servizos para comentar as súas necesidades.
- Cando inscriban deportistas lembren que poden vincular os rexistros de anos anteriores (unha vez creados os equipos). Agradecemos que, sempre que sexa posible, cubran o campo NIF/NIE para evitar duplicidades na base de datos.
- Lembren informar ás familias de todo o exposto no apartado 1 deste documento.
- Centros educativos.

O profesorado que cambie de destino deberá enviarnos un correo electrónico a deporte.escolar@xunta.gal solicitando o cambio de centro no seu perfil de Xogade. Para iso achegarán algún documento xustificativo como



a súa toma de posesión ou un escrito da dirección do centro. Se o novo centro non está rexistrado deberán iniciar o proceso de Solicitud de rexistro. Non editen os datos do menú *A miña entidade*.

Teñen dispoñible o informe AL085 Xogade no XADE para cargar deportistas en Xogade. Teñen instrucións específicas no bloque de axudas sobre como utilizalo. Os equipos directivos deben incorporar ese informe ao perfil do profesorado. Só verá ese informe o profesorado con grupos de Educación Física asignados. O alumnado terá que ter marcado que acepta estar en Xogade (hai un documento de autorización elaborado pola Consellería de Educación) para que apareza neste informe.

4) ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA

- Asegúrense de ter acceso á aplicación (o contrasinal caduca cada 4 meses pero pode recuperarse na portada). Recomendamos que cada entidade teña máis dun usuario para evitar quedar sen acceso.
- Asegúrense de ter acceso aos datos de deportistas federados de cada federación. Teñen as instrucións no Menú Inicio, Bloque de Axudas, Documento Acceso aos datos de deportistas federados. Se ten que facer a solicitude pode ser que, dependendo da federación, teña que cambiar o selector de tempada.
- **Comproben que están todos os seus deportistas mutualizados e que os datos son correctos, se pode ser co NIF/NIE mellor.** Se aparecen datos mal rexistrados ou mensaxes que mesturan idiomas, por favor, asegúrense de ter o tradutor do seu navegador desactivado.
- A tempada activa reflicte a tempada global de Xogade. En función da temporalidade da súa federación é posible que teñan que cambiar á tempada 24/25 para facer certas xestións, por exemplo para certificar en outubro un accidente dunha federación que vai por ano natural.